



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE XOVE PARA UNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE ESCAVACIÓN E CONSERVACIÓN EN SAN TIRSO DE PORTOCELO (XOVE, LUGO), CAMPAÑA 2025

MEMORIA TRANSPARENCIA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural pretende formalizar co Concello de Xove, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de outubro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de Xove, para a dunha actuación arqueolóxica de escavación e conservación en San Tirso de Portocelo (Xove, Lugo).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

No conxunto arqueolóxico situado en San Tirso de Portocelo (concello de Xove, Lugo), se localiza o xacemento denominado Castro de Punta Mechiluide. Trátase dun asentamento castrexo costeiro, na punta de Mechiluide, que consta dun único recinto e restos dos fosos e murallas defensivas. Con posterioridade neste recinto foi construída a antiga igrexa parroquial de San Tirso, da que se conservan á vista os seus restos. A construción desta igrexa, e posiblemente doutras construcións relixiosas medievais anteriores, alteraron e modificaron a configuración orixinal do xacemento, esta igrexa foi abandonada definitivamente no ano 1929 ao construírse a actual.



A nivel de protección este sitio arqueolóxico ten a condición de ben catalogado do Patrimonio Cultural de Galicia en base ao artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia, xa que forman parte do catálogo de bens a protexer do PXOM do ano 2012 do Concello de Xove, número de ficha 78, o Castro de Punta Mechiluide, e a antiga igrexa parroquial de San Tirso, ficha número 79, e do catálogo de bens culturais do Plan Básico Autonómico aprobado polo Decreto 83/2018, de 26 de xullo (DOG núm. 162, do 27.08.2018) cos códigos GA27025002 e 40036953 respectivamente.

Tendo en conta os valores culturais que posúe o Castro de Mechiluide e a antiga igrexa de San Tirso de Portocelo, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de Xove consideran necesario realizar neste ano 2025 novos traballos arqueolóxicos de escavación e conservación para favorecer a súa posta en valor e tamén para afondar no coñecemento deste sitio arqueolóxico e así avanzar na súa investigación e caracterización.

Os traballos de campo serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na realización das diferentes accións de difusión se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

